



Acta da sesión ordinaria do Consello de
Goberno da Universidade de Vigo, de vintetrés de
outubro de dous mil dous, ás 9:30 horas en primeira
convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de
Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Baltar Feijóo
D^a. Carmen Cabeza Pereiro
D. José Cidrás Pidre
D. Xosé Enrique Costas González
D. Guillermo De Oca Cancela
D. Domingo Docampo Amoedo
D. Luís Domínguez Castro
D. José Durany Castrillo
D^a Margarita Estévez Toranzo
D. Antón Fernández Álvarez
D^a. Ángeles Filgueira Pérez
D. Alberto Gago Rodríguez
D. Juan Francisco Gálvez Gálvez
D. José Manuel García Vázquez
D^a Ana Garriga Domínguez
D. José M^a Gil Villanueva
D. Jorge Juan Gómez Gude
D. Roberto González Novas
D^a. Ana Isabel Gueimonde Canto
D. Jesús Hernández Sánchez
D^a Hilda Iglesias Galán
D^a M^a Teresa Iglesias Randulfe
D. Daniel Marti Pellón
D^a María Martínez Rodríguez
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Andrés Mazaira Castro
D. Pedro Membiela Iglesia
D. Pedro Merino Gómez
D. Sergio Pajares Domínguez
D. Antonio Pena Giménez
D^a. Ana M^a Pita Grandal
D. Manuel Ramos Cabrer
D. Daniel Rey García
D. J. Óscar Rubiños López
D. Patricio A. Sánchez Bello
D. Angel Sánchez Bermúdez
D. Juan Suárez Creo
D. Juan Surís Regueiro
D. Francisco Tugores Martorell
D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo
D. Ezequiel M. Vázquez López
D. Amador Vázquez Vázquez
D. Augusto Viso Alonso

Desculpan asistencia:

D^a M^a Victoria Carballo-Calero Ramos
D. José Luis Legido Soto

O mércores, día 23 de outubro de 2002, ás
10:15 horas , comezou a sesión ordinaria do Consello
de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da
orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión do día 17 de setembro de 2002.
2. Informe do Rector.
3. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento do ano 2002.
4. Aprobación, se procede, da creación de Direccións de Área.
5. Proposta de nomeamento de Delegados do Rector nos Centros Adscritos.
6. Substitución de membros da universidade no Consello de Administración da C.U.S.A
7. Asuntos de profesorado: Transformacións, permisos e autorización profesores invitados.
8. Delegación, se procede, na Comisión de Organización Académica e profesorado da aprobación das transformación, permisos, autorizacións de profesores invitados e da convocatoria e das bases reguladoras dos concursos de profesorado para cubrir docencia vacante no curso 2002-2003.
9. Emisión do informe sobre a solicitude de adscripción á Universidade de Vigo do Hospital Miguel Domínguez de Pontevedra para a impartición das diplomaturas de Enfermería e Podoloxía.
10. Aprobación, se procede, do programa “ Aulas de Formación aberta “.
11. Aprobación, se procede dos seguintes cursos: II Curso de Postgrao de Especialista en Administración e Dirección de organizacións non lucrativas; I curso de especialista en recipientes a presión. Código ASME; Problemas actuais do Dereito de Empresa; Axentes de emprego e novas tecnoloxías da información: planificación, financiación e xestión de proxectos.
12. Aprobación, se procede, da adhesión a unha solicitude de declaración da toponimia autóctona local como patrimonio inmaterial e a adopción de medidas urxentes e efectivas para a súa conservación.

13. Aprobación, se procede, do Convenio de Colaboración dos socios do proxecto TORGA.NET de iniciativa comunitaria Interreg III-A Galicia-Norte de Portugal.
14. Elección para cubrir as seguintes vacantes en Comisións Delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Investigación (2 estudantes), Comisión de Organización Académica e Profesorado (1 PAS), Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes (1 Estudiantes, 1 PAS, 1 representante do Consello Social) .
15. Elección de membros do Consello Social (2 estudantes).
16. Elección da Comisión de Reclamacións.
17. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión do día 17 de setembro de 2002.

Ante a alegación presentada polo profesor Ramos, no punto 8 o Rector propón incorporar a acta o seguinte: O Rector indica que mais adiante a Comisión delegada do Consello de Goberno correspondente deberá estudar si e conveniente facer unha normativa para este tema”. Apróbase.

Apróbase a acta por asentimento.

Punto 2. Informe do Rector.

Neste punto o Rector informa:

- do nomeamento de Don Emilio González Estévez como Director da Área de Estudos Propios e formación continua, Don Luis Anido Rifón como Director da Área de Innovación Académica e Dona Ana Fernández Pulpeiro como Directora da Área de Innovación e Calidade en substitución de Don Educaro Godoy Malvar.

Así mesmo informa do nomeamento de Don Alberto Gago Rodríguez como membro do Consello de Goberno en substitución de Don José M^a da Rocha Álvarez.

- Da sinatura de varios convenios ó longo deste mes: un convenio coa Consellería de Emigración, outro de cooperación coa Consellería de Asuntos Sociais e un terceiro con diversas agrupacións empresariais de Galicia e norte de Portugal(CECOTRAN).

- Da sinatura dun convenio marco de cooperación coa Diputación Provincial de Ourense.

- Do inicio de conversas co Presidente da Diputación de Pontevedra para que complemente o proxecto para a Facultade de Ciencias da Educación.

- Da celebración, os días 4 e 5 de novembro, en Baiona dunhas xornadas sobre o espazo europeo, organizadas pola CRUE e destinadas a Vicerrectores e xestores de universidades españolas. Estende a invitación a asistir a tódolos membros do Consello de Goberno.

- Da sentenza favorable para a Universidade de Vigo na reclamación da profesora do campus de Pontevedra Dona Ana Amorós Pons.

-Da entrada no Parlamento Galego do proxecto de Lei do Consello Social para o seu debate, e que non recolle dúas cuestións puntuais presentadas polo Rector no seu día: a primeira é que o texto da lei insiste en denominar ó Consello Social como un órgano de goberno cando a LOU

somentes se refire o Consello de Goberno como “ o òrgano de goberno “ e a segunda que no texto da lei figura que tódolos contratos (os que se refire o artigo 83 da LOU) que se asinen teñen que ser informados polo Consello Social cando o que debe dicir e que o Consello Social será informado da sinatura....e pedirá o conselleiro que se corrigan a través de emendas.

- Da participación da Universidade na convocatoria de Parques Científicos con cinco proxectos(cun total de arredor de dous millóns de euros).

- Da presentación dunha solicitude na convocatoria para fondos FEDER.

Punto 3. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento do ano 2002.

En primeiro lugar intervén o Vicerrector de Planificación, que fai a presentación do orzamento para o ano 2002 destacando os aspectos mais salientables do mesmo.

A continuación ábrese un turno de intervencións.

O profesor Ramos di que detectou un par de erros e pide que se corrigan.

- Na páx. 45 figura Directora de Biblioteca e nestes momentos e Director.

- Na páx. 12 fálase da creación dun programa novo que e o de “ Masters, cursos de especialización e outros cursos” pero despois non aparece no cadro da memoria.

A continuación pide aclaracións sobre algunhas partidas ó que lle responden os Vicerrectores de Planificación e de Investigación.

O Sr. Pajares intervén para indicar que as partidas correspondentes os Programas de Biblioteca, de Departamentos, de Formación de Investigadores e de Docencia e Alumnado diminuíron en relación coas de anos anteriores. Así mesmo fai referencia as diferencias entre a distribución do gasto no capítulo I entre os funcionarios docentes e o PAS. Finalmente denuncia públicamente a incorporación de traballadores dentro do programa LABORA.

A primeira parte da intervención responde o Vicerrector de Planificación, é respecto o programa Labora, o Rector di que se trata dun programa de estimulación para os xoves desempregados galegos para facilitarlles o seu primer emprego e que el o defenderá sempre tanto aquí como en calquera outro foro e invita o Sr. Pajares que diga fora o mesmo que acaba de dicir aquí.

O Sr. Pajares di que está disposto a participar na discusión sobre que labores deben realizar estos traballadores de xeito que non interfiran coa RPT dos traballadores da Universidade.

Intervén o Xerente para aclarar que ningún contrato de obra iba a ser substituído por un contrato do programa Labora e que iste non iba a competir nunca coa RPT.

O Sr. Pajares di que cre que esa é a intención do Sr. Xerente pero que na práctica si se produce.

O profesor Sánchez Bello pregunta en relación co remanente do ano 2001 respecto o equipamento docente xa que había un compromiso con algún centro.

O Xerente di que eso está previsto.

Procédese a votación do proxecto de orzamento para o ano 2002:

A favor	33 votos
En contra	3 votos
Abstencións	2 votos

Queda aprobado o proxecto de orzamento do ano 2002 que figura como anexo I.

Punto 4. Aprobación, se procede, da creación de Direccións de Área.

O Rector informa da proposta de creación dunha nova Dirección de Área que depende do Vicerrectorado de Planificación e que tería como funcións a coordinación das obras de reparación, conservación, mantemento e mellora das infraestruturas da Universidade de Vigo.

O Sr. Pajares pregunta ó Sr. Xerente si a creación desta área non interferirá co traballo que esta a realizar a Unidade Técnica e co servizo de contratación.

O Xerente di que non solo non interfire senón que significa un gran apoio.

O Vicerrector de Planificación aclara que o que se pretende e ter un interlocutor único cos centros que coordine tódalas actuacións en materia RAM e obra menor.

Pródúcese unha votación:

A favor da creación da área	33 votos
En contra da creación da área	0 votos
Abstencións	2

Apróbase a creación da Área de Infraestruturas.

De seguido o Rector informa que a persoa que vai a ser nomeada Director de dita área e o Profesor don Daniel de la Torre Fraga.

Punto 5. Proposta de nomeamento de Delegados do Rector nos Centros Adscritos.

O Vicerrector de Relacións Institucionais informa que segundo o artigo 27 do Título III do regulamento de Centros adscritos, aprobado polo Claustro o día 3 de abril de 2001, corresponde ó Consello de Goberno a aprobación da proposta de nomeamento de representantes da Universidade nos mesmos.

A proposta e a seguinte:

E.U. Enfermería de Povisa,
Directora Delegada: Dona Fuencisla San Juan Serrano

E.U. Enfermería de Ourense
Representante do Padroado: Don Andrés Mazaira Castro

E.U. Enfermería de Pontevedra
Representante no padroado: Don Antón Fernández Álvarez

Director Delegado: Don José M^a Gil Villanueva

Apróbase por asentimento.

Punto 6. Substitución de membros da universidade no Consello de Administración da C.U.S.A

O Rector fai a seguinte proposta:

Don Alberto Gago Rodríguez en substitución de Don José M^a da Rocha Álvarez.
 Don Augusto Viso Alonso en substitución de Don Xulio Taboada Pérez
 Don José Carlos Arias Moreira en substitución de Dona Margarita Estévez Toranzo.

Acéptase por asentimento.

Punto 7. Asuntos de profesorado: Transformacións, permisos e autorización profesores invitados.

A Vicerrectora propón o seguinte:

- Transformacións-

H08	690	Andrés Pinal González de ASOT3P4 a ASOT3P6
H12	575	Francisco Albertuz Carneiro de ASOT3P3 a ASOT3P6
H12	814	José Luís Aguirre Moreno de ASOT3P3 a ASOT3P6
T11	785	Eduardo Balvis Outeiriño de ASOT3P3 a ASOT3P6
X01	725	Felipe Alonso Monge de ASOT3P4 a ASOT3P5
X09	095	Ruth Avendaño Coombe de ASOT3P3 a ASOT3P6

- Permisos-

Dona M^a Fernanda Montenegro Arce de 19/09/02 a 20/12/02
 D. Alberto Velando Rodríguez de 26/12/02 a 26/03/03
 Dona Susana Rodríguez Coto de 23/09/02 a 23/12/02

-Invitados-

C05	265	Diana M ^a González Troncoso, 75 horas
C05	265	Juan José Vidal Puga, 45 horas
H03	370	Sarah Roberta López Pereira, 75 horas
H04	320	Kathleen Göetz, 35 horas
H09	185	Luis Ramón Corvera Peña, 15 horas
H09	185	Marcos Dopico Castro, 30 horas
H09	185	Rafael Jiménez Ambel, 12 horas
H09	185	Juan Martínez de la Colina, 18 horas
H09	185	Marta Riera Táboas, 30 horas
H12	575	María del Mar Lourido Francisco, 30 horas
T08	405	Marcos Antonio Seco Miguélez, 60 horas
T08	647	M ^a Jesús Paz Alonso, 15 horas
T15	075	Juan Otero Pombo, 32 horas
T15	570	Antonio Nieto Moure, 32 horas
T15	570	Luis Vilán Crespo, 55 horas
X01	730	Dona Clara Isabel Fernández Rodicio, 56 horas
X01	730	Dona M ^a Rocío Gómez Juncal, 35 horas
X01	813	M ^a Belén Nieto Castro, 28 horas

X01	813	M ^a Mercedes Solar Rivera, 28 horas
X02	130	Miguel Meleiro Vázquez ,75 horas
X05	245	Miguel Raposo Aguiar, 75 horas
X01	813	Javier Rial Boubeta, 60 horas
X06	225	Gonzalo Giménez Domínguez, 74 horas
X01	725	Angeles Amor García, 51 horas
X07	230	Juan José Regueiro Vázquez, 75 horas
X09	650	Roberto Miguel Rodríguez de Prado, 47 horas
X09	650	Pedro Sánchez Sello, 75 horas
X10	735	Ana Isabel Fernández Rodríguez, 25 horas
X10	735	Yolanda Rodríguez Moscoso, 45 horas
X10	735	Juan Luís Rodríguez Rodríguez, 20 horas

O Rector da a palabra o profesor Santamaría para intervir neste punto.

O profesor Santamaría manifesta o seu parecer favorable a tódalas transformacións motivadas en virtude da promoción do profesorado. Sobre os profesores invitados di que dacordo coa lexislación laboral esa figura non existe e anuncia que ten avanzado un cadro de equivalencias entre as figuras da LOU e as modalidades de contratación laboral e que nestes casos pode ser de aplicación a contratación eventual de carácter laboral. Suxire que se negocie coas Centrais Sindicais, como se fixo noutras universidades, a continuidade da contratación administrativa ou, dende xa, a contratación laboral. Sobre os permisos di que a Xunta de PDI debe ser oída cando se estableza o réxime de permisos e lembra o artigo 9.4b da lei 9/87.

O Rector di que esa figura tampouco figuraba na LRU nembargantes lévase utilizando o longo destes anos para solucionar problemas de docencia concretos.

Acéptase por asentimento as transformacións, permisos e autorizacións de profesores invitados sinalados.

Punto 8. Delegación, se procede, na Comisión de Organización Académica e Profesorado da aprobación das transformacións, permisos, autorizacións de profesores invitados e da convocatoria e das bases reguladoras dos concursos de profesorado para cubrir docencia vacante no curso 2002-2003.

Acéptase por asentimento.

Punto 9. Emisión do informe sobre a solicitude de adscrición a Universidade de Vigo do Hospital Miguel Domínguez de Pontevedra para a impartición das diplomaturas de Enfermería e Podoloxía

O Vicerrector de Relacións Institucionais informa do acordo acadado por consenso na reunión da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) do día 9 de outubro sobre iste tema:

1. Que a Universidade de Vigo está na actualidade inmersa no proceso de elaboración de novos Estatutos, nos que haberá de definir diversas cuestións que atinxen a política de adscrición de centros.

2. Que nos Campus de Ourense, Pontevedra e Vigo xa se imparte a titulación de Enfermería.

3. Que están pendentes de ser debatidos os aspectos relativos a apertura do mapa de titulacións na Comunidade Autónoma Gallega.

Por todo isto considera que non é oportuno iniciar neste momento expedientes de adscrición á Universidade de novas titulación ou centros.

O Sr. Baltar interven para defender un informe favorable a esa solicitude e indica que o feito de que se esten a redactar os novos estatutos non xustifica que se paralicen estos procesos.

Interveñen o Vicerrector de Postgrao e formación permanente e o profesor Ramos a favor do acordo da COAP.

Finalmente o Rector di que este non e o momento de incorporar mais titulacións a Universidade de Vigo por moitas mais razóns que os estatutos e propón que se acepte o acordo da COAP, o que levaría a emisión dun informe desfavorable a solicitude de adscrición.

Acéptase a proposta por asentimento coa abstención expresa do Sr. Baltar.

Punto 10. Aprobación, se procede, do programa “ Aulas De Formación aberta”.

O Vicerrector de Postgrao e formación permanente informa do contido do programa “Aulas de formación aberta” e propón algunhas modificacións despois de recibir varias suxerencias.

O profesor Membiela propón un cambio de título polo “ Aulas universitarias de formación aberta”.

Despois dun breve debate mantense o título inicial.

Apróbase por asentimento coas modificacións indicadas (anexo II)

Punto 11 . Aprobación, se procede dos seguintes cursos: II Curso de Postgrao de Especialista en Administración e Dirección de organizacións non lucrativas; I curso de especialista en recipientes a presión. Código ASME; Problemas actuais do Dereito de Empresa; Axentes de emprego e novas tecnoloxías da información: planificación, financiación e xestión de proxectos.

O profesor Gálvez di que no curso “ Axentes de emprego e novas tecnoloxías da información: planificación, financiación e xestión de proxectos “ o contido dos módulos non están de acordo co título no que se refire as “ novas tecnoloxías da información”.

O Rector di que é un curso xenérico pero cunhas pinceladas de novas tecnoloxías e propón que se faga chegar os coordinadores do mesmo a recomendación por parte do Cosello de Goberno de buscar unha maior proximidade entre contidos e título.

Apróbanse por asentimento tódolos cursos coa salvedade indicada.

A Sra. Iglesias Galán propón revisar o procedemento a seguir para estes cursos e ver si se pode simplificar.

O Vicerrector de Postgrao e Formación Contínua informa que xa se está a estudar unha revisión da normativa.

Punto 12. Aprobación, se procede, da adhesión a unha solicitude de declaración da toponimia autóctona local como patrimonio inmaterial e a adopción de medidas urxentes e efectivas para a súa conservación.

Apróbase por asentimento. (anexo III)

Punto 13. Aprobación, se procede, do Convenio de Colaboración dos socios do proxecto TORGA.NET de iniciativa comunitaria Interreg III-A Galicia-Norte de Portugal

Apróbase por asentimento.

Punto 14. Elección para cubrir as seguintes vacantes en Comisións Delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Investigación (2 estudantes), Comisión de Organización Académica e Profesorado (1 PAS), Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes (1 Estudiantes, 1 PAS, 1 representante do Consello Social)

- Comisión de investigación-

Somentes hai un candidato e dous postos a cubrir polo que non é necesario facer elección quedando elixido polo sector de estudantes: Dona Ángeles Filgueira Pérez.

- Comisión de Organización Académica e Profesorado-

Hai dous candidatos polo sector D:

Dona Hilda Iglesias Galán

Don Sergio Pajares Domínguez

Renuncia a candidatura Dona Hilda Iglesias Galán polo que Don Sergio Pajares Domínguez pasa a formar parte desta comisión.

- Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes-

Polo sector C hai una única candidatura polo que non é necesario facer eleccións, sae elixida: Dona María Martínez Rodríguez.

No sector D hai dúas candidaturas presentadas : Don Sergio Pajares Domínguez e Dona Hilda Iglesias Galán.

Don Sergio Pajares Domínguez renuncia a súa candidatura polo que Dona Hilda Iglesias Galán pasa a formar parte desta comisión.

Non hai candidatos do Consello Social.

Punto 15. Elección de membros do Consello Social (2 estudantes).

Hai 3 candidaturas presentadas polo sector C:

Corbacho Suso, Patricia

Garrido Bernárdez, Rubén

González Novas, Roberto

Faise unha votación co seguinte resultado:

Corbacho Suso, Patricia 0 votos

Garrido Bernárdez, Rubén 0 votos

González Novas, Roberto 3 votos

Sae elixido González Novas, Roberto.

Punto 16. Elección da Comisión de Reclamacións.

Presentanse as candidaturas seguintes:

Polo sector PDI:

Anaya Revuelta, Inmaculada

Chamorro Rivas, f José M^a

González Estévez, Emilio

Ramos Cabrer, Manuel

Rodríguez Seoane, M^a Pilar

Troncoso Durán, M^a Dolores

Tugores Martorell, Francisco

Vidal Vázquez, Ricardo

Non hai candidatos polo sector de estudantes.

Os profesores Ramos Cabrer e Tugores Martorell, retiran a súa candidatura polo que quedan o mesmo número de candidatos que postos a cubrir.

O Rector di que se acadou un consenso para a presentación de candidatos polo que propón que se aprobe por asentimento.

Apróbase por asentimento.

Quedan elixidos como membros da Comisión de reclamacións:

Dona Inmaculada Anaya Revuelta

Don José M^a Chamorro Rivas

Don Emilio González Estévez

Dona M^a Pilar Rodríguez Seoane

Dona M^a Dolores Troncoso Durán

Don Ricardo Vidal Vázquez

Punto 17. Rogos e preguntas

O profesor Galvez roga o profesor Ramos se disculpe polos términos ofensivos empregados nun correo electrónico enviado a comunidade que facía referencia os membros do Consello de Goberno designados polo Rector e pídelle que esa disculpa a envía tamén a comunidade.

O Rector dalle a palabra o profesor Ramos si quere contestar por alusións.

O profesor Ramos di que se refería a tódolos membros designados polo Rector e non a él concretamente e recolle o sentido do rogo.

O profesor Ramos pregunta polo procedemento a seguir para sacar prazas de funcionario a habilitación.

O Rector responde que o procedemento é o ordinario e que o mes de xaneiro é o próximo prazo para solicitar a saída de prazas e os criterios vixentes son os que había ata agora.

O Sr. Pajares presenta un escrito de rechazo pola exclusión dos representantes sindicais no Consello de Goberno e solicita que se trate no próximo Consello de Goberno. Dito escrito figura como Anexo IV a acta.

O Rector di que este tema xa está decidido neste Consello de Goberno e que non vai a vir de novo a debate ó mesmo.

E non habendo mais asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:15 horas do día 31 de outubro de 2002 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e praxe do Rector:

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

M^a Teresa Iglesias Randulfe